

NOTA DE PRENSA

Hoxe Alternativa Veciñal-En Marea facémonos eco da situación de desamparo e de impotencia que están vivindo nais e pais do centro CEIP plurilingüe Calvo Sotelo.

Fai tempo que xa veñen loitando estes mesmos pais e nais pola solicitude e aprobación de Xornada Única modificando o horario actual para que nenos e nenas non se esgoten tendo que pasar tanto tempo no centro e para que os pais e nais poidan conciliar vidas laborais e familiares. Existen xa antecedentes aprobados pola consellería de educación de esta medida de racionalización en outro centro (Colexio Ben Cho Sei de Pereiro de Aguiar).

A esta situación xa bastante complicada de por si e ata o de agora sin obter contestación por parte das administracións competentes, vense a sumar a escaseza de prazas de comedor, que fai que quedasen fora para o vindeiro curso escolar 42 alumn@s de este centro. Non é o primeiro ano que isto pasa pois nos anos anteriores xa quedaran sen praza 16, 20 e 17 nenos e nenas.

Fronte a esta situación a todas luces inxustas, e sen entrar en detalle da propia normativa e do baremo usado para a xustificación de ditas prazas, vemos totalmente lexítimo que pais e nais deste centro buscasen alternativas a esta situación.

Unha de esas alternativas era e foi solicitar un dobre quenda de comedor como se tiña feito de outras veces. A resposta a dita proposta foi negativa.

Outra opción sería o comedor do servizo Bo Día Familia, pero atopámonos aquí tamén coa mesma problemática: limitación de prazas.

Por último so lles quedaría recurrir ao servizo TRASTES pero para algunhas familias esa opción non é viable debido ao custo económico do mesmo.

Vendo esta situación e tendo coñecemento de que pais e nais deste centro xa tiveron unha xuntanza co alcalde e co concellal de cultura deste concello, nos estamos na obriga de denunciar a situación trágica que están a sufrir estes nenos e nenas e a impotencia na que se ven seus proxenitores a hora de non atopar solucións nin alternativas a este problema.

Solicitamos a Consellería de Educación a través do seu secretario xeral Xesús Oitavén, a titular de infraestruturas Ethel Vázquez e as administracións competentes poñan solución a esta petición e doten a este centro e a outros que están en situacións similares de infraestruturas e medios necesarios para atender as demandas que presentan.

Tamén solicitamos ao alcalde do Carballiño Francisco Fumega e ao concellal de cultura tomen cartas no asunto e dean solucións viables a este centro, e non se escuden nas limitacións económicas que pode carrear solucionar dita situación, pois que mellor inversión para o futuro dos nosos nenos e nenas e do propio Carballiño que en dotar a centros de educación dos servizos necesarios para poder dar unha ensinanza digna e de calidade, e como marca a lei, que os pais e nais poidan conciliar vida laboral e vida familiar.

Crear unha partida orzamentaria para dotar dun dobre quenda de comedor e crear prazas suficientes para os nenos e nenas deste centro non é un GASTO, é unha obriga e unha inversión de futuro. Que mellor sitio onde inverter os cartos que na educación dos nosos fillos e fillas?

Artigo 27.4 da CE: “ la enseñanza básica es obligatoria y gratuita”.

Grupo de Alternativa Veciñal-En Marea,
O Carballiño, 20 de xuño de 2018